



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-10

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

13 de Novembro de 2023

Lugar

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**10:03**

Hora de Finalización

**10:18**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

DANIEL DE DIOS MANSO  
EMILIO FERNANDEZ PARADA  
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ  
LUCIA GIL CID  
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 26.10.2023 (ACTA 9/2023)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

### 2º. MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA.

O Sr. alcalde pasa a dar conta da proposta de modificación da ordenanza de referencia, que xustifica sinalando que:

O pleno do concello, en sesión do 5 de **novembro de 2021** modificou a ordenanza desta taxa para adaptar as súas tarifas ás esixencias legais e ás necesidades económicas da prestación deste servizo.

Non obstante, **transcurridos dous anos** desde aquela modificación basicamente tarifaria, constatouse que as normas que definen e regulan o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, precisan dunha redacción máis sistemática, clarificando conceptos e definicións do seu texto.

Por iso propónse unha **modificación da Ordenanza simplemente de carácter normativo e sen trascendencia nos elementos tributarios da mesma.**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Dase conta dos informes do expediente así como da proposta de acordo.

O Sr. Alcalde, a pregunta da Sra. Manso Rodriguez (**PP**) diu unhas explicacións sobre unha derie de aequetas no núcleo de Castrelo do Val.

Tralo que o Pleno, por **cinco** votos a favor (**PSdeG-PSOE**), ningún en contra e **dúas** abstencións (**PP**), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación; ao considerar conveniente a modificación proposta e xa que é competencia municipal a súa aprobación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar, provisionalmente, a modificación da **Ordenanza Fiscal da taxa pola administración de auga.**

A modificación da ordenanza que se dixo, afecta ao seguinte:

**“Artigo 8. Contador individual.**

1. Toda autorización para disfrutar do servizo de subministración de auga levará aparellada a obriga de instalar contador, deben de ser individual para cada vivenda, con acceso a dito contador dende a vía pública e a unha altura de rasante de 0,80 ata 1,20m e deberá de colocarse nun lugar visible para que permita a lectura do consumo do mesmo.
2. Deberá de ir equipado de dúas chaves de paso, unha a cada lado do contador e a que está na saída ten que levar purgador e unha válvula de retención.
3. A acometida e o contador, debidamente homologado, serán instalados polo usuario nas condicións que lle marque o Concello e a súa supervisión, previa ó funcionamento, do responsable municipal.

**Engádesse o seguinte:**

4. *Os traballos de apertura e reposición de pavimentos, serán por conta do usuario. Así como a tubaxe precisa dende a rede xeral ata o punto de conexión do inmovible. A acometida será de polietileno e terá un diámetro de 25 mm.*
5. *Colocarase unha chave de paso estipulada polo Concello, entre a rede xeral e o contador a unha profundidade máxima de 40cm, dita chave será de cuadradillo cun diámetro de 25mm e cabezal cuadrado de 3x3.*
6. *As avarías do contador comunicaránse ó Concello e a súa reparación será por conta do usuario, no caso de non proceder á reparación do mesmo, o propio concello poderá estipular unha lectura aproximada no padrón da auga, resultante de realizar unha media aritmética dos anteriores consumos, a expensas de iniciar un expediente, para notificar o incumprimento das obrigas por parte dos usuarios.*
7. *Ante a obriga de instalar o contador nun lugar visible, con acceso dende a vía pública, que permita a lectura do consumo do mesmo, en todos aqueles casos nos que non se cumpra con dito deber, o propio concello poderá estipular unha lectura aproximada no padrón da auga, resultante de realizar unha media aritmética dos anteriores consumos, a expensas de iniciar un expediente, para notificar o incumprimento do establecido no artigo 8.1 sobre a obrigatoriedade do acceso á lectura do consumo dos contadores de auga dos inmovibles.*

**Artigo 9. Usos permitidos.**

*A administración da auga a domicilio, confírelle ao usuario do servizo, a facultade de consumir auga para usos domésticos e industriais, entendéndose por uso doméstico toda as aplicacións para atender ás necesidades da vida e hixiene persoal, así como a debida preparación de alimentos, limpeza persoal, doméstica e lavado de roupa.*





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

*Enténdese por uso industrial, a sumministración de auga en calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto aquelas actividades instaladas ou anexas ás vivendas, cortes, adegas, tendas, bares ou semellantes.*

### **Artigo 10. Usos prohibidos.**

- 1. Queda prohibida a utilización da auga da rede xeral de abastecemento para a rega de xardíns, fincas ou lavados de vehículos, así como a utilización da auga da rede xeral de abastecemento para recheo de piscinas.*
- 2. Está prohibido botar calquera tipo de vertido de orixe animal, tanto ao saneamento como á rede de pluviais.*

### **Artigo 11. Carácter precario da cantidade da sumministración de auga.**

- 1. O concello, en ningún caso, garante a cantidade de sumministración, que sempre terá carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responderá, nin se responsabilizará dos posibles danos, prexuízos ou estragos que puidesen causar nos bens dos mesmos, a falta de insuficiencia de caudal de auga.*
- 2. O concello, por resolución da Alcaldía, poderá ordenar o corte da sumministración de auga a calquera usuario que empregue a auga para usos prohibidos ós que se refire o anterior artigo e tamén por derivacións, avarías no contador non reparadas no prazo estipulado, manipulación do mesmo, **ou o incumprimento de calquera dos deberes recollidos na presente ordenanza.***
- 3. A Alcaldía, poderá ordenar o corte de sumministración por falla de pago de tres recibos consecutivos da auga por parte do usuario. A rehabilitación realizarase despois do pago da débeda.*

### **Artigo 12. Responsables.**

- 1. Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo ás persoas física e/ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.*
- 2. Serán responsables subsidiarios ou administradores das sociedades, interventores ou liquidadores de creba, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.*

### **Artigo 13. Obriga de pagamento.**

- 1. A obriga de pagamento da taxa que regula esta Ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo e a súa facturación e cobramento realizarase cuadrimestralmente.*
- 2. O pagamento de dita taxa efectúase no momento da prestación da correspondente factura ó obrigado a realizalo.*
- 3. As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de construximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recaudación.*

### **Artigo 14. Infraccións e sancións tributarias.**

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademáis do que prevé ésta Ordenanza, ateranse ao que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demáis normativa aplicable.*

### **Artigo 15. Saneamento e desaugue.**

- 1. A contía da taxa de saneamento e desaugue, cando se trate de licenza ou autorización de acometida á rede xeral de saneamento de auga, percibirase por unha soa vez e ascenderá á*





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

*cantidade de 150,00 euros.*

*2. O usuario, está obrigado a facer unha arqueta de desaugadoiro na entrada, cunhas dimensións de 40 x 40, para que no caso de atasco, non haxa que romper.*

*3. Se houbese que cruzar a vía pública, será por conta do propio usuario, debendo de pagar unha fianza para o arranxo de dita vía, que será estipulada no momento da solicitude por parte do usuario, en base ao alcance que teñan as obras que debe realizar. Así mesmo, o concello determinará o tipo de tubaxe a utilizar, non debendo sobrepassar a mesma dos 125 mm.*

*4. Somentes farase un enganche por inmovible, tanto de abastecemento como de saneamento.*

*5. O saneamento, conectarase somentes ás augas fecais, non se poderá conectar ás augas pluviais, sempre que exista ese servizo".*

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza afectada por prazo de trinta días hábiles, tal como preceptúa o art. 17.1 e 2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais

**TERCEIRO.** Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ao mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no art. 17.4 da citada Lei.

**CUARTO.** A referida ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

### 3º. MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL POLA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

O Sr. alcalde pasa a dar conta da proposta de modificación da ordenanza fiscal de referencia, que xustifica ante a necesidade de adecuar as tarifas aos custos que para este Concello vai a ter a súa prestación durante o ano **2024**.

Dase conta de que constan os informes preceptivos, entre eles o informe técnico económico esixido polo artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; así como da proposta de acordo.

Remata lembrando que a derradeira modificación desta taxa foi para rebaixar a tarifa para o ano 2019 en 2,55 euros para poder así beneficiarse da bonificación do canon por tratamento de tonelada de RSU que fixo SOGAMA; que pese a que a ordenanza prevía o incremento anual do IPC, esa medida non se adoptou nin para 2021, nin para 2022, polo que non queda outra que adaptar os ingresos pola taxa do servizo aos custos que este efectivamente ten; que é unha medida a abordar por todos os concellos da Mancomunidade e que, probablemente, de cara a 2025 haxa que volver a tratar este asunto.

A seguir prodúcense as seguintes intervencións:

- Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**) que anuncia o sentido desfavorable do voto seu grupo xa





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

que consideran que aínda que poida resultar obrigada a suba, son partidarios de manter o prezo actual.

Tralo que o Pleno, por **cinco** votos a favor (**PSdeG-PSOE**), **dous** en contra (**PP**) e ningunha abstención, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar, provisionalmente, a modificación da ordenanza: fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos.

A modificacións da ordenanza que se dixo, afecta ao:

**Artigo 2º. Feito imponible. 2** ao que se lle engade “restos de poda e sega de céspede”; e ao:

**Artigo 5º. Cota tributaria, tarifa**, que queda redactado como segue:

“Por cada vivenda, a cota será de 52,70 €. Por establecemento, a cota será de 52,70 €”

**SEGUNDO.** Expoñer ao público o presente acordo provisional e o novo texto da Ordenanza afectada por prazo de **trinta días hábiles**, tal como preceptúa o art. 17.1 e 2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, mediante anuncio que se publicará no **BOP**, no **taboleiro** de edictos e na **sede electrónica** do Concello; durante dito prazo, que comenará a contarse a partir do día seguinte ao da inserción do edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas. E no caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. Se existisen reclamacións o Pleno resolverá sobre estas e adoptará o acordo definitivo que proceda, de acordo co artigo 17.3 da devandita Lei

**TERCEIRO.** Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ao mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no art. 17.4 da citada Lei.

**CUARTO.** A referida ordenanza fiscal modificada entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día **un de xaneiro de 2024**.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

